

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

19295 *Real decreto 1701/2011, do 18 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 1515/2009, do 2 de outubro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie equina.*

Mediante o Real decreto 1515/2009, do 2 de outubro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie equina, estableceuse o marco para a aplicación en España do Regulamento (CE) n.º 504/2008 da Comisión, do 6 de xuño de 2008, polo que se aplican as directivas 90/426/CEE e 90/427/CEE no que se refire aos métodos de identificación dos équidos, con obxecto de que exista unha aplicación uniforme, clara e transparente da lexislación comunitaria sobre a dita materia nos Estados membros. Ese regulamento comunitario derroga a Decisión 93/623/CEE da Comisión, do 20 de outubro de 1993, pola que se establece o documento de identificación (pasaporte) que debe acompañar os équidos rexistrados, e a Decisión 2000/68/CE da Comisión, do 22 de decembro de 1999, pola que se modifica a Decisión 93/623/CEE e se regula a identificación dos équidos de crianza e rendemento.

Dentro deste marco, cómpre realizar modificacións no contido do Real decreto 1515/2009, do 2 de outubro, co fin de harmonizar as actuacións de control e rexistro coas existentes para outras especies, o que permitirá unha máis efectiva aplicación da norma. En concreto, modifícanse os artigos 8, 13, 17, 23, 25 e o anexo IV.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal.

Na tramitación desta norma foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 18 de novembro de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 1515/2009, do 2 de outubro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie equina.*

O Real decreto 1515/2009, do 2 de outubro, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais da especie equina, queda modificado como segue:

Un. O artigo 8 substitúese polo seguinte:

«Artigo 8. *Solicitudes para a identificación de équidos.*

1. Para efectos de obter o documento de identificación equina e de completar a súa sección III do DIE, considerarase titular o responsable do animal equino, con independencia do título xurídico que teña sobre el.

2. O titular presentará ante a entidade emisora correspondente a oportuna solicitude debidamente cuberta, que conterá todos os datos necesarios para que a entidade emisora complete o DIE e rexistre o équido, unha vez identificado, nas bases de datos que se recollen no artigo 17 deste real decreto.

3. O titular deberá presentar a solicitude á entidade emisora tendo en conta o prazo normal necesario para que esta complete a identificación, así como o prazo límite para identificar os animais establecido no artigo 7 deste real decreto.

4. Cando o équido cambie de titular, o novo titular asegurase de que esta completada a sección III do DIE, e presentarao inmediatamente á entidade emisora del na forma que esta determine.

5. Non obstante, no caso dos équidos de crianza e rendemento, as autoridades competentes das comunidades autónomas ou, se é o caso, os organismos que designaron como entidade emisora do DIE para équidos de crianza e rendemento, poderanse autorizar mutuamente para que a comunicación se poida realizar á autoridade competente ou entidade emisora para équidos de crianza e rendemento da comunidade autónoma en que vaia residir o équido. Neste caso, a autoridade competente ou entidade emisora que reciba a notificación dilixenciará a sección III do DIE e comunicará os datos relevantes á entidade emisora deste.»

Dous. No artigo 13, os números 1, 3, 4, 5, 6 e 7 substitúense polos seguintes, e engádesse un novo número 8:

«Artigo 13. *Método de identificación obrigatorio.*

1. A entidade emisora asegurase de que, no momento da primeira emisión do documento de identificación equina, todo animal equino identificado en España estea marcado activamente coa implantación dun transpondedor electrónico inxectable.

3. A marcación electrónica dos équidos non se poderá realizar sen se asegurar previamente, de acordo coas medidas recollidas no artigo 16, de que os animais non teñen unha marcación anterior activa.

Realizada a comprobación anterior, o transpondedor implantarase por vía parenteral en condicións asépticas no terzo superior do lado esquerdo do pescozo, entre a caluga e a cruz na zona do ligamento da caluga. Axustarase ás características técnicas especificadas no anexo II.

4. Tras a marcación do animal, o colaborador ou axente da entidade emisora á cal se solicitará a emisión do DIE, continuará o procedemento de identificación de acordo co protocolo establecido por esta. Se actúa por solicitude do titular e non como colaborador da entidade emisora, poderá seguir o protocolo establecido por esta ou, no seu defecto, expedirá un certificado co seguinte contido mínimo:

a) Declaración de que non se detectou no animal unha marcación electrónica activa anterior.

b) Código do microchip implantado.

c) Datos do animal, con toda a información incluída na sección I do anexo do Regulamento (CE) 504/2008 da Comisión, do 6 de xuño de 2008, excepto o punto 4 da parte A, cuxa asignación e inclusión no DIE corresponde á entidade emisora. No punto 8 da parte A incluírá os datos completos do solicitante da marcación do animal. De acordo coa excepción prevista no artigo 6 do Regulamento (CE) 504/2008, e sen prexuízo das normas para a identificación de équidos establecidas polas entidades emisoras, poderase empregar unha fotografía ou unha imaxe que conteña detalles suficientes para identificar o animal equino, en substitución da información recollida na sección I, parte A, punto 3, letras b) a h), e nos puntos 12 a 18 do esquema da parte B da sección I.

d) Sinatura e selo.

O certificado expedirase por triplicado. O orixinal será entregado ao solicitante do documento que, pola súa vez, llo entregará á entidade emisora no momento de solicitar a emisión do DIE; unha copia será remitida á autoridade competente da comunidade autónoma en que se realizase a marcación, no prazo e forma que esta

estableza; e a persoa que efectuou a implantación do transpondedor conservará a terceira copia por un período mínimo dun ano.

5. Os códigos dos transpondedores dos équidos identificados en España deberán conter a información de especie, país e comunidade autónoma en que radica a explotación na cal se identifica o animal, de acordo co estipulado nos anexos II e III do Real decreto 947/2005, do 29 de xullo, polo que se establece un sistema de identificación e rexistro dos animais das especies ovina e cabrúa. Estes anexos serán de plena aplicación á identificación dos animais equinos.

6. A garantía da unicidade de códigos dos animais equinos identificados en España realizarase mediante a inclusión de todos os códigos dos transpondedores utilizados na base nacional de datos de códigos de identificación electrónica animal establecida no artigo 14 do Real decreto 947/2005, do 29 de xullo. O artigo 15 do dito real decreto será de plena aplicación á identificación dos animais equinos, salvo o prazo establecido no seu número 6 para o mantemento da información na base de datos, que será de 35 anos para os códigos asignados para a identificación de équidos.

7. As autoridades competentes das comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla asignarán os códigos para a identificación dos équidos que se leven a cabo en explotacións radicadas no seu territorio.

Os organismos emisores con razón social noutro país que identifiquen animais nados en España solicitarán, se é o caso, a asignación de códigos a través do punto de contacto establecido no artigo 18.3 deste real decreto.

8. En relación co método de identificación empregado, a entidade emisora introducirá no DIE a seguinte información, tendo en conta os datos subministrados de acordo co número 4 polo veterinario que realizou a marcación electrónica:

a) Na sección I, parte A, punto 5, os vinte e tres díxitos (a secuencia completa) do código transmitido polo transpondedor e mostrado polo lector tras a súa implantación e, se procede, unha etiqueta adhesiva cun código de barras ou unha reprodución deste código en que figuren os vinte e tres díxitos do código transmitido polo transpondedor.

b) Na sección I, parte A, punto 11, a sinatura e o selo da persoa mencionada no número 1 que efectuou a identificación e implantou o transpondedor.

c) No punto 13 do esquema que figura na sección I, parte B, o lugar de implantación do transpondedor no animal equino.»

Tres. Os números 2, 4 e 5 do artigo 17 substitúense polos seguintes, e engádense, ademais, un novo número 6:

«2. A entidade emisora manterá na súa base de datos rexistrada e actualizada a información mencionada no número 1 durante un mínimo de trinta e cinco anos ou, polo menos, ata dous anos despois da data da morte do animal equino, comunicada de conformidade co artigo 25.

4. Inmediatamente despois de rexistrar a información mencionada no número 1, as entidades emisoras comunicarán aos rexistros das autoridades competentes, na forma en que estas determinen, os datos dos équidos que identificaron nos seus respectivos territorios. No caso de entidades emisoras de DIE para équidos rexistrados de carácter nacional, as autoridades competentes poderán determinar que a dita comunicación se realice a través do Rexistro Xeral de Identificación Individual creado no punto 3.

5. Para efectos de coordinación, os rexistros das autoridades competentes estarán informatizados e o seu sistema de xestión permitirá que os rexistros de animais que neles se realicen teñan reflexo inmediato no RIIA.

6. Os organismos emisores con razón social noutro país que identifiquen animais nados en España comunicarán a información mencionada no número 1 ao punto de contacto nacional establecido no artigo 18.3 deste real decreto.»

Catro. O número 1 do artigo 23 substitúese polo seguinte:

«1. Sen prexuízo do establecido no artigo 17 do Regulamento (CE) 504/2008 da Comisión, do 6 de xuño de 2008, cando un animal equino non dispoña de documento de identificación e pola súa idade superase o prazo establecido para a súa identificación obrigatoria, ou cando se extraviase ou deteriorase o seu DIE de modo que non se poida determinar con certeza a identidade do animal, a entidade emisora de DIE para équidos de crianza e rendemento da comunidade autónoma en que se encontre o animal, procederá a identificalo de acordo co método establecido no artigo 13, e emitirá un documento de identificación equina substitutivo, que se sinalará claramente como tal e cumprirá os requisitos do artigo 5.1.b do citado regulamento. En tales casos, o animal marcarase definitivamente na sección IX, parte II do DIE substitutivo, como non destinado ao sacrificio para o consumo humano.»

Cinco. O artigo 25 substitúese polo seguinte:

«Artigo 25. *Morte e sacrificio de équidos.*

1. Cando sexan movidos ou transportados ao matadoiro, e salvo que sexa de aplicación a excepción recollida no artigo 21, os équidos de abasto irán necesariamente acompañados do seu documento de identificación equina, a que fan referencia o artigo 5 ou, se é o caso, os artigos 9 e 10 deste real decreto. Este documento formará parte da información recollida no Real decreto 361/2009, do 20 de marzo, polo que se regula a información sobre a cadea alimentaria que debe acompañar os animais destinados a sacrificio.

Antes da súa admisión para o sacrificio, e sen prexuízo das consideracións por motivos de benestar animal a que fai referencia o anexo I, sección II, capítulo III.2 do Regulamento (CE) n.º 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, o operador do matadoiro, no marco do previsto no artigo 5 do Real decreto 361/2009, do 20 marzo, realizará as seguintes actuacións:

- a) Comprobará a identidade de cada animal, utilizando os medios de lectura apropiados.
- b) Verificará a información que conteña a sección IX do DIE respecto á aptitude de cada animal para o consumo humano.

Estas actuacións serán comprobadas polo veterinario oficial de acordo coas funcións que ten atribuídas no artigo 7 do citado Real decreto 361/2009, do 20 de marzo.

2. Conforme o artigo 19 do Regulamento (CE) 504/2008 da Comisión, do 6 de xuño de 2008, cando se produza o sacrificio en matadoiro ou a morte dun animal equino, adoptaranse as seguintes medidas:

- a) Evitarase un uso fraudulento posterior do transpondedor, mediante a súa recuperación, destrución ou eliminación in situ.
- b) O documento de identificación equina será invalidado, polo menos, estampando a mención «non válido» na primeira páxina.
- c) Enviarase un certificado á entidade emisora, ben directamente no caso dos animais identificados en España ou ben a través do punto de contacto do Estado membro en que se emitiu o documento de identificación equina, no cal se faga referencia ao número permanente único do animal equino e no cal se indique que o dito animal foi sacrificado, eliminado ou morreu, e a data de tal suceso.
- d) Destruirase o documento de identificación invalidado.

3. As medidas previstas no número 2 efectuaraas ou supervisaraas, segundo corresponda:

a) O veterinario oficial en caso de sacrificio ou morte como consecuencia do control de enfermidades, ou tras o sacrificio do animal de conformidade cos artigos 4 e 6.3 do Real decreto 1347/1992, do 6 de novembro.

b) A autoridade competente definida no artigo 2 do Real decreto 1429/2003, do 21 de novembro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano, no caso de eliminación ou transformación da canal do animal equino.

4. Cando o transpondedor non se poida recuperar dun animal equino sacrificado para o consumo humano, o veterinario oficial declarará a carne ou a parte de carne ou peza que conteña o transpondedor como non apta para o consumo humano, de conformidade co establecido no Regulamento (CE) n.º 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004.

5. Non obstante o disposto no número 2.d), e sen prexuízo das regras impresas no documento de identificación equina pola entidade emisora, as autoridades competentes poderán devolver o documento invalidado á entidade emisora.

6. Conforme o artigo 19 do Regulamento (CE) 504/2008 da Comisión, do 6 de xuño de 2008, no resto dos casos de morte ou perda do animal equino, non mencionados neste artigo, o titular devolverá o documento de identificación equina á entidade emisora adecuada nun prazo de trinta días naturais tras o suceso.»

Seis. O anexo IV substitúese polo seguinte.

«ANEXO IV

Datos mínimos da base de datos animais⁽¹⁾

- 1) Número permanente único (UELN).
- 2) Especie.
- 3) Sexo.
- 4) Raza.
- 5) Pelame.
- 6) País de nacemento.
- 7) Código da explotación de identificación.
- 8) Data de nacemento.
- 9) Tipo de identificación do animal.
- 10) Código de identificación electrónica ou, se é o caso, código do método alternativo.
- 11) Sistema de lectura do medio de identificación.
- 12) Orientación do animal.
- 13) Nome de nacemento do animal e, se procede, nome comercial.
- 14) Aptitude para o consumo humano.
- 15) Documento duplicado/documento substitutivo.
- 16) Data da morte.
- 17) Data de emisión do documento de identificación.
- 18) Nome e enderezo do titular e, en caso de cambio, do novo titular ou posteriores de acordo co artigo 8 deste real decreto.»

(1) Todas as modificacións dos datos contidos neste anexo deberán consignarse na súa categoría correspondente para os efectos de mantelo actualizado, de acordo co establecido no artigo 17 deste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de novembro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño,
ROSA AGUILAR RIVERO